

Xestionado por [Vieiros](#)

'VIAXE A LIBUNCA' VENCE NO CERTAME DA DEPUTACIÓN CORUÑESA

Antonio Yáñez gaña o premio Raíña Lupa

A obra *Viaxe a Libunca*, do ferrolán Antonio Yáñez Casal, é a gañadora da sexta edición do premio de literatura infantil e xuvenil Raíña Lupa, convocado pola [Deputación da Coruña](#). O xurado decidiu que o traballo é merecedor do premio polos seus ecos cunqueiráns e porque tamén resulta atractivo para o público adulto. A obra narra unha viaxe iniciática a Libunca, o país dos mortos. Yáñez Casal xa fora dúas veces finalista do mesmo certame, no ano 2000, con *Don Cosme e o telegrama amarelo*, e no 2004, con *Crisóstomo alifáfaro*. Ademais, o ano pasado chegou á final do premio Merlín de literatura infantil e xuvenil, convocado por [Edicións Xerais](#), coa obra *Natasha e Dimitri*.

- 16:25 27/11/2006

O premio Raíña Lupa está dotado con 6.500 euros e a publicación da obra galardoada. O finalista foi o escritor nado en Friol Xerardo Quintiá Pérez, que presentou *Ke_Tumba Ke_Tamba*.